

PROCESO SELECTIVO CATRO PRAZAS DE TÉCNICO/A AUXILIAR EN EDUCACIÓN NOCTURNA

TERCEIRO EXERCICIO - RESOLUCIÓN DE SUPOSTO PRÁCTICO

Atopámonos traballando nun centro con fogares que acolle actualmente a oito persoas menores, con idades comprendidas entre os 8 e os 13 anos. Todos foron derivados por medidas de protección de tutela e garda voluntaria, na súa maioría tras procesos longos de negligencia ou situacións familiares desestructuradas. O grupo leva estabilizado varios meses, cunha convivencia aceptable durante o día, aínda que algunhas persoas menores presentan certas dificultades de xestión emocional, especialmente pola noite.

Desde fai aproximadamente tres semanas, as educadoras e educadores da quenda de noite comezaron a observar unha serie de episodios relacionados con alteracións do sono en tres persoas menores. Estes episodios non só están a afectar ao descanso individual das persoas menores implicadas, senón tamén ao sono do resto do grupo.

O caso máis rechamante é o **de Julián**, de 10 anos. Aadoita durmirse sen dificultade, pero aproximadamente unha hora despois de deitarse, empeza a gritar con forza, ás veces chorando, outras con movementos bruscos na cama. Obsérvaselle co rostro desencaixado, suorento e coa mirada perdida. Non parece recoñecer ás educadoras e educadores cando se lle tenta acougar, e ao cabo duns minutos, tranquilízase e volve a durmir profundamente. Á mañá seguinte, non lembra nada do episodio. Algunhas compañeiras e compañeiros comezaron a espertarse polos berros e sentense asustados.

Pola súa banda, **Nadia**, de 12 anos, foi vista dúas noites camiñando polo corredor do centro, cos ollos abertos, en silencio, sen responder a preguntas nin mostrar ningunha emoción. Nunha das ocasións, dirixíase cara á porta de saída. Unha das educadoras logrou redirixila á súa cama, sen que ela ofrecese resistencia. Á mañá seguinte non lembraba nada do sucedido.

Finalmente, **Joel**, de 9 anos, comezou a mostrar unha crecente ansiedade ao irse a durmir. Quéixase de que "lle dá medo a escuridade", e frecuentemente di que "vai ter pesadelos". Algunhas noites espértase chorando, chamando á súa nai ou dicindo que soñou cousas feas. Nunha ocasión explicou con detalle que soñara que alguén o perseguía e non podía escapar. Desde hai uns días, empezou a resistirse á hora de deitarse.

A situación preocupa ao equipo educativo do centro, non só polo malestar que xera nas propias persoas menores afectadas, senón tamén polo impacto no descanso grupal e no clima emocional nocturno.

Identifica a problemática que se expón e establece as pautas de intervención en cada caso.